

ESQUEMA DE TRABALLO EN EDUCACIÓN FÍSICA. 6º DE E. PRIMARIA
PROFESOR: ARTURO CASTRO-RIAL BOBILLO

MATERIAIS:

- **Roupa e calzado deportivo.**
- **Útiles de aseo: toalla, xabón, camiseta de recambio.**

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos a traballar están organizados en unidades didácticas e tarefas integradas, e ao mesmo estas en diferentes sesións de traballo, nelas séguese o seguinte modelo:

1.Fase de información: daremos aos alumnos/as unha breve explicación sobre o que se traballará na sesión, estrutura da clase, organización do material, contidos a traballar..

Terá unha duración aproximada de 5` .

2.Fase de animación: xogos e actividades nos que se realizan movementos globais para a activación psicomotriz, cognitiva e afectiva. Preténdese evitar lesións por frío e motivar aos alumnos para realizar eficazmente a sesión. Durará entre 6 a 8` .

3.Fase principal: xogos e tarefas que desenvolven os contidos e se dirixen á consecución dos obxectivos da unidade .É a parte máis importante e durará uns 30` .

4.Fase de volta á calma: realizaranse actividades de baixa intensidade como xogos sensoriais, de relaxación, estiramientos... que permitan aos alumnos recuperarse dos esforzos da fase anterior e evitar que cheguen cun estado emocional de alteración á clase seguinte. Durará uns 5` .

5.Fase de hixiene: levarase a cabo a recollida do material e o alumnado realizará a correcta hixiene para poder volver a aula.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:

1º Trimestre

- Coidado do corpo e consolidación de hábitos de hixiene.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación Física.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas e da condición física.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
- Lesións e enfermidades deportivas máis comúns, accións preventivas e primeiros auxilios básicos.

2º Trimestre

- Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.
- Práctica de actividades deportivas de diferentes modalidades.
- Uso axeitado das estratexias básicas dos xogos e deportes.
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.

3º Trimestre

- Coñecemento, historia, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia.
- Iniciación ao deporte de orientación.
- Expresión e comunicación de sentimentos e emocións a través do corpo.
- Coñecer e levar a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Escalas de observación.
- Registros anedóticos.
- Rúbricas.